

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 26 DE MAIO DE 2008.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as dez horas e trinta e tres minutos do día vinte e seis de maio do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo, Dna. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 25.04.2008.

O Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 25.04.2008.

2.- DEDICACIÓN EXCLUSIVA ALCALDE.

Sr. Alcalde: É un tema que ven de comisión. Doulle a palabra ao presidente da comisión.

Sr. Bouza Rey: Bo día. Ven informado favorablemente da comisión de facenda que tivemos o pasado venres, e a proposta é volver ao que fai seis meses tiña adxudicado a alcaldía; entón, eu creo que ven debatido, houbo grupos que deixaron o debate para o pleno e nos gustaría que se participara.

Sr. Alcalde: Ben, ábrese unha quenda de intervencións, os grupos que queiran intervir... Palabras.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Alcalde, solicito que falen primeiro os que están a favor da medida.

Sr. Alcalde: Si queren intervir... Palabras.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver, eu vou pedir a palabra, pero non exactamente porque vaia votar a favor ou non, porque nós, en función do que se fale aquí, decantaremos o noso voto tamén. Polo tanto, como non temos definido o voto, imos falar porque nos apetece, non porque vaíamos votar a favor.

Imos ver unha cousa, empezou o voceiro do BNG dicindo que é unha volta ao estado anterior, nós esperamos e desexamos que non sexa exactamente iso, porque o estado anterior non

era especialmente o mellor para o Concello de Mugardos. Entón, baseándonos nesa consideración e tendo en conta que tempos pasados foron mellores, din, neste caso non, nós o que queremos é que baixo o suposto que se realizou por parte dos grupos, por parte dos incumprimentos do alcalde, como máximo representante, nós o que si queremos é que isto non suceda de novo porque non parecería xogar a un xogo perigoso; en todo caso, certamente, eu espero que isto sexa un gran toque de atención, non só para o alcalde de Mugardos senón tamén para o grupo de goberno de que en democracia pois a veces hai..., a veces non, sempre hai que intentar chegar a acordos, sobre todo coa oposición e nós o que si queremos é que haxa visos dunha maior transparencia en todos os casos, en todos os asuntos que van ás comisións que deben ir, porque o feito de ter comisións non só implica a participación de todos os grupos que estamos aquí senón que tamén implica que hai unhas gañas por parte do grupo de goberno por chegar a un entendemento entre todos para sacar proxectos interesantes para Mugardos; e esa é a nosa primeira meta. Por outro lado sempre manifestamos, e creo que todos os grupos o manifestaron, e así ven recollido nas actas, que ninguén se opón a que o alcalde ou a figura do alcalde no Concello de Mugardos teña unha dedicación exclusiva, iso creo que non é o debate de hoxe, senón si o alcalde de Mugardos merece repoñer a confianza deste Pleno, eu creo que ese é o debate da cuestión.

Nós entendemos que por agora houbo un cambio importante, certamente, sobre todo no obxecto que valera como argumento para retirarlle o soldo e, polo tanto, entendemos que é un cambio importante; aínda así esperamos que haxa máis modificacións nese comportamento por parte do grupo de goberno e así o temos manifestado. De todas maneiras reservámonos para unha segunda quenda de intervencións.

Sr. Alcalde: Grazas, Juan Domingo. Máis palabras.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Bos días a todos e a todas. Nós votamos na comisión de facenda e votamos o mesmo que votamos no pleno do 31 de xaneiro porque non creemos que o cambio sexa apreciable, o cambio en canto aos motivos polos que Esquerda Unida asinou a moción do conxunto dos grupos da oposición; polo tanto, salvo que se nos explique con claridade, non por parte do grupo de goberno, senón por parte dos grupos da oposición que poden cambiar o seu voto con referencia ao 31 de xaneiro qué é o que cambiou, non entendemos moi ben, si fora así, o cambio do sentido do voto.

En todo caso nós imos reiterar novamente, como fixemos nese pleno, que non estamos falando da gobernabilidade de Mugardos, que non estamos facendo balance da xestión do goberno municipal, que neste pleno tampouco o grupo de Esquerda Unida se vai pronunciar en función ou non dunha moción de confianza, nós non o plantexáramos así e ademais naquel momento xa facíamos referencia á coincidencia temporal, pero que, dende logo, nada tiña que ver con ese plantexamento. Polo tanto nós non estamos facendo balance nin da gobernabilidade, nin da confianza que nos merece o grupo de goberno, estamos única e exclusivamente circunscribindonos ao que se tiña plantexado o 31 de xaneiro polo noso grupo con toda a claridade, a convocatoria de comisións, os acordos dos grupos municipais, os acordos plenarios, os cumprimentos de sentenzas, é dicir, todas esas cuestións que afectaban á vida democrática do Concello e só unha cousa, é dicir, lembrar que o venres, si é certo que se convocou esa comisión de facenda, unha comisión de facenda extraordinaria, con ese único punto, exclusivo, da orde do día, que este pleno é practicamente, salvo que se nos explique moi ben no seguinte, con este

punto exclusivo da orde do día, cando vai haber un pleno o mércores, ordinario, tal e como corresponde, porque así temos cambiado a data de venres a mércores polas circunstancias que van acontecer no Concello de Mugarbos, que ademais..., é dicir, non hai, salvo que se explique ben tamén por qué non se puido ir a ese pleno ordinario, e nós xa o fixemos a través dalgunha pregunta no pleno anterior, si o goberno tiña intención de dar máis transparencia a todos os ingresos que temos os concelleiros, non só a utilízalos de maneira eu creo que pouco obxectiva por parte dalgunhas organizacións na prensa e, dende logo, nós imos seguir nesa intención de que se lle dea transparencia a todo o que ingresa cada un dos concelleiros do Concello de Mugarbos por asistencia, pero eu creo que cunha clarificación importante, primeiro que as convoca o grupo de goberno, segundo, que teñen tope, e eu creo que iso é algo que hai que facer; en todo caso nós salvo que neste debate se nos convenza do contrario entendemos que dende o 31 de xaneiro as circunstancias que nós tiñamos plantexado e polo cal tiñamos asinado esa moción non cambiaron.

Sr. Fernández Ameneiro: Bo día a todos e todas. O partido socialista sempre estivo, e estará no futuro, apoiando o feito de que un alcalde que cumpra coas súas obrigas e responsabilidades do seu cargo teña un salario digno para que poida dedicarse con intensidade á labor que lle foi encomendada, como é a de gobernar o noso Concello. Non nos esquezamos que o partido socialista apoiou a dedicación exclusiva do alcalde no pleno do 31..., perdón, do día 3 de xullo do ano 2007; posteriormente no pleno do 31 de xaneiro de 2008, por iniciativa de todos os grupos municipais da oposición, é dicir, Partido Socialista, Partido Popular, Esquerda Unida e Independentes por Mugarbos, foille retirada esa dedicación exclusiva por entender que o alcalde non respectaba o mandato da Corporación de convocar os plenos e comisións nas datas sinaladas ao efecto e que estaba actuando dun xeito arbitrario noutros temas de política municipal. Non estamos seguros de que co escaso marxe de tres meses sexa tempo suficiente para valorar si este cambio de actitude é froito da casualidade ou é unha medida, unha actitude, que vai prolongarse no tempo. De todas maneiras, como xa manifestei no seu momento no pleno nin era unha medida que nos gustara, e simplemente foi tomada porque críamos que era o mellor para reconducir a situación no Concello de Mugarbos. Agardamos que situacións deste tipo non se produzan nin nun futuro próximo nin lonxano. E polo momento é o que temos que dicir. Nada máis.

Sr. Alcalde: Segunda quenda. Eu, en todo caso, case, case, remitirme ao que dixen no seu momento cando se presentou a moción, no que se baseaba a moción, que non se convocaban as comisións quedou de manifesto que non era certo, os plenos estaban convocados, xa digo, por lei a un Concello como o de Mugarbos lle corresponde un pleno cada dous meses, por regulamento interno un cada mes, o cal suporía 12 plenos ao ano, e segundo consta nos arquivos do Concello se tiñan convocado 25 plenos no ano 2007; e con respecto ás comisións, pois ídem de ídem, á comisión de urbanismo lle corresponden dúas por mes, o que suporía 24 e segundo consta no Concello hai 30 comisións convocadas, polo tanto, xa digo, aínda recoñecendo que puidera haber algunha comisión que non se convocara no seu momento, si é certo que se convocaron comisións de máis e plenos tamén de máis; outra cousa distinta é que a oposición trate de facer, ao meu entender, ao meu modesto entender, obstrución á actividade legal que ten que facer o grupo de goberno.

En todo caso o que se refire a unha maior transparencia, creo que todo o que se fai no Concello é transparente, non hai nada agachado, para nada, e o entendemento..., estamos sempre

abertos a calquera grupo, a entendernos con calquera grupo en todo aquilo que sexa bo para Mugardos, dispostos sempre, abertos a colaborar, a apoiar todo o que sexa bo para Mugardos. E dito isto, ábrese unha segunda quenda de intervencións e os grupos que queiran intervir que pidan a palabra. Se non se pide a palabra sométese a votación.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Bos días. Certamente eu estiven esperando que houbera máis definición, o que realmente pode ocorrer neste pleno, pero parece, a min dáme a sensación, seguramente é que son torpe, dáme a sensación de que ninguén quere mollarse e dicir claramente o que realmente pasa ou pensa, polo tanto na miña intervención vou procurar ser o máis claro posible, sen ocultamento de ningunha cousa e das preocupacións que teu teño ao respecto.

Primeiro eu creo que é necesario aclarar que a medida que se tomou nas datas que se tomou coincidiron co caso da imputación do alcalde, negalo me parece que é cando menos falacia, polo tanto ese proceso tildou toda esta medida, directa ou indirectamente, eu creo que foi indirectamente, nembargantes os que defendíamos aquilo, case todos, uns con máis forza, outros con menos, argumentamos que a medida que tiñamos tomado non era por esa causa, era por outras, pero eu estaba e estou convencido de que influíu obviamente a situación, o ánimo que tiñamos, respecto á medida.

Unha vez dito isto, eu creo que o importante é que o lóxico e normal, non polo grupo de goberno senón polos da oposición, e fago esta crítica miña, habería que valorar os comportamentos dende o momento que tomamos unha decisión, xusta para uns, non tan xusta para outros, si as medidas que se tomaron se corrixiron ou non. Outra valoración, a que fai o alcalde, é a súa valoración, el non estaba a favor desta medida e, polo tanto, nos competía aos que votamos a favor facer esa análise.

Intentando facer esa análise quero dicir primeiro que me parece curioso, moi curioso, tal como se levou este tema, é dicir, se levou a unha comisión, cando o lóxico e normal, previamente, tería que, na miña opinión, levalo á xunta de voceiros, para facer estas valoracións que estou facendo eu, e en función deso se presentase con claridade e sen problema de ningún tipo o tema de seguir ou retomar o tema anterior.

Por outra parte un que leva tempo en política quita a conclusión seguinte: Cómo é posible que o BNG traia un tema ao pleno que, se non fixo esta valoración, puidera perderse? Salvo o de facerse mártir unha vez máis non ten sentido político ningún. Polo tanto, a min dáme a impresión de que hai máis cousas das que aquí se están dicindo. Se non non me creo para nada que o BNG se tirase á piscina sen saber se hai auga ou non hai auga. Por iso a min isto me leva a dicir que as cousas teñen que ser claras e diáfanas e en función desa valoración tomar a dimensión do acordo cal é, ver si está cumprindo ou non, e ser consecuentes.

Houbo dúas cousas, na miña opinión, que determinaron aquela medida o 31 de xaneiro, as causas, unha era os incumprimentos dos acordos e outra era os incumprimentos das reunións, indistintamente da valoración que fagan os que perderon a votación, o BNG ten todo o seu dereito, e me compete moito máis facer esa valoración en función, como dixen anteriormente, de que fun un dos que votou a favor de retirarlle a dedicación exclusiva ao alcalde.

Facendo valoración destes dous puntos do primeiro teño que dicir, ao menos con certa claridade, que na miña opinión hoxe aínda o grupo do BNG non actúa realmente como debera, esa é a miña opinión, pois por qué? porque é o grupo de goberno pero é o grupo de goberno en minoría, e eu creo que hai unha frase que define diariamente nas reunións que isto é así, o que

estou dicindo eu; cando nunha comisión, pola razón que fora, votamos en contra, a oposición, do plantexamento que fai o grupo de goberno, é frecuente escoitar ao presidente ou presidenta de cada unha das comisións dicir “ben, non pasa nada, que isto é informativo, ao final todo se arranxa no grupo de goberno”, isto é a realidade, polo tanto eu creo que aínda non calou o feito de que o BNG goberna en Mugardos, con todo o lexítimo dereito, pero é minoría.

En canto ao segundo punto, eu creo que tamén é, e con moita claridade, é certo recoñecer, a pesar de que o alcalde parece que non quere, eu si recoñezo que houbo un cambio importante no tema. É verdade que se fan moitas máis comisións das pactadas, moitas máis, a veces excesivas, como a de hoxe mesmo, o pleno de hoxe mesmo eu creo que é excesivo, neso coincido con Pilar, non tiña problema ningún, posto que podería esperarse ao pleno ordinario, e máis baseándome na pouca importancia económica que a medida ten para o alcalde, segundo determinou fai tempo, polo tanto non o entendo, pero recoñezo que certamente se fixeron esforzos por parte do BNG no cumprimento.

Como teño que defender tamén a miña posición anterior e para non ser demagóxico quero falar con claridade do tema, e quero dicir que si é verdade o recoñecemento, pero tamén é certo que nalgunhas das comisións, non en todas, as propostas do grupo da oposición, levalas, tardan, ou polo menos a información se retarda, non sei si é froito da pouca dinámica de traballo ou é froito de querer cansarnos nas medidas en canto ao tempo en que suceden, isto é, na miña opinión, todo o que aconteceu para vir hoxe aquí, e vou facer un acto de fe, algo increíble en min, e o vou facer porque entendo que eu, aquela medida que apoiei, e non estou apesarado de habela tomado, unha parte de min non estaba de acordo co tema, é máis, o dixen, me parece que o dixen no pleno, porque eu creo que o xogo democrático non pasa soamente por iso, si iso fora unha medida que tivera unhas consecuencias posteriores, correcto, idóneo, pero non as houbo, non tivemos a valentía de plantexalas, o dixen no pleno, e xa podemos enmascarar as cousas ou non dicilas con claridade, pero o certo é que iso comportaba un cambio de alcalde, e deso non ten culpa o BNG, e non son o seu defensor, obviamente, a temos o resto, non quixemos facelo, tomar as cousas como había que facelas e nos quedamos no fácil, que era simplemente, sen compromiso pola nosa parte, quitarlle o soldo ao alcalde. Eu creo que ademais a medida foi cutre, e fago estas valoracións aquí hoxe porque tamén lle digo ao grupo do BNG que o paradoxal do tema de hoxe é que os grupos que apoiamos a medida, o normal e lóxico sería que tivéramos unha reunión previa, pois non, non a houbo, porque si é certo que tivemos reunións previas para tomar a medida, e isto son cousas que a min, o volvo dicir unha vez máis, non me cadran, seguramente é a razón pola cal teño un e non tres no pleno do Concello. Ben, unha vez dito isto, a min as cousas moi claras, non me gustou, foi cutre, foi cutre no plantexamento, foi cutre porque non había medidas posteriores e foi moito máis cutre no tema económico cando se plantexaron os 40 euros de marras, eramos varios, eramos catro opinando e obviamente uns pasamos, fixemos deixación das cousas, co cal seguramente é máis grave do que a min me parecía, e deso fago o “mea culpa”, pero de todas formas quero dicir, para acabar, que como eu busco a claridade, e non me preocupa, me preocupa, pero non coa intensidade que o preocupa a algún o que ocorrerá dentro de tres anos, non me preocupa tanto, eu quero dicir as cousas con moita claridade, non entendo que a medida que poidamos tomar hoxe non teña repercusión política e, polo tanto, non entendo como o BNG toma esta medida sen ter tomado a iniciativa de acordos previos cos grupos da oposición, non o creo, certamente é que a política a nivel global cambiou, e a ninguén se lle oculta, eu creo que non é dicir unha novidade, que a política en Galicia a nivel do estado español cambiou, obviamente o PP ten un criterio diferente respecto

aos nacionalistas, moi diferente, e iso seguramente fai determinar medidas e cambios, co cal é tremendamente importante e ademais é perfectamente válido, na miña opinión, e moi democrático, pero o que si demando, e antes de que se tome a medida, é que se me diga con moita claridade se houbo reunións aquí, nesta sede, ou noutras sedes, para tomar determinación ao respecto; si como se di vulgarmente, e aquí fago mención aos que fomos sindicalistas, é a pelo, si o BNG ven a pelo ou xa houbo compromisos previos, e si os houbo, que na miña opinión son moi democráticos, o que ten que haber é claridade, e si chegamos a esta determinación eu me vou abster ou votar en contra ou votar a favor en función desta negociación, esa, a negociación, é a claridade que eu demando.

Dito isto, e pola incoherencia dos grupos da oposición, incluído obviamente o que está falando, eu voume abster, e me absteño porque non vexo claridade nos grupos da oposición, nos catro, non vexo claridade nin vexo determinación, e si a medida ao principio pareceume excesiva, obviamente, se non hai claridade, non podoo apoiála, continuar coa medida, esa é a miña determinación. Hoxe me absteño sendo claro, tendo moi claro o tema de que isto, en principio, é un só voto, non é determinante, pero si facilita a restauración da medida que se tiña abolido o día 31. Queda claro o tema?

Termino e remato, perdón por ser pesado, termino e remato, gústame a claridade e me gusta saber cales son as consecuencias das medidas, nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Ameneiro: Como dixo Fariña, me imaxino que para todos os grupos da oposición a medida que se tomou naquel entón para ninguén foi fácil, e xa manifestei na primeira intervención que no pleno do 3 de xullo de 2007, en particular o partido socialista tiña apoiado para que o alcalde tivera salario porque nos parece algo digno que un alcalde vexa retribuído o seu traballo, esa dedicación exclusiva, e tamén comentei que a determinación de quitarlle o salario ao alcalde foi tomada por unanimidade de todos os grupos por unhas consideracións que se expuxeron, creo que por activa e por pasiva, e que non era outra que o alcalde estaba actuando, en temas de política municipal, dun xeito arbitrario. Se ben é certo que se convocaron máis plenos e máis comisións das debidas, das estipuladas, non é menos certo que moitos dos plenos e comisións foron extraordinarios e, como xa reiteraron os meus compañeiros, moitos deles..., moitos temas que se convocaron en comisión extraordinaria podían ir ao pleno ordinario, como é o caso do pleno que hoxe aquí estamos celebrando.

Dicía no seu momento o alcalde que o grupo do BNG estaba aberto para todo o que fora bo para Mugardos, eu imaxino que todos os que estamos aquí traballamos polo ben de Mugardos, e cando propoñemos algo, cando nos sentamos a falar sempre o facemos polo ben de Mugardos, o que ocorre é que moitas veces o que para o BNG é bo para o PSOE será malo e viceversa, non? De aí que moitas veces cheguemos a acordos ou non, ou non nos podamos sentar nin tan sequera a negociar.

O que si agardamos dende o PSOE é que esta medida que se tomou no seu día que, como repito, non foi unha medida fácil para ninguén, a pesar do que poida parecer, agardamos que o alcalde tomara boa nota e que a actitude do alcalde durante os tres anos que nos quedan de lexislatura sexa un pouquiño máis aberta, máis dialogante e que dea máis participación a oposición, e simplemente..., non quero estenderme, eu simplemente dicir que lle quero comentar ao compañeiro Fariña que dende logo co PSOE o BNG, neste tema, non ten ningún tipo de acordo, non nos sentamos a negociar nin mantivemos reunións previas co BNG, nin nesta sede nin en ningunha outra.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós francamente esperábamos outro tipo de debate sobre esta cuestión, pero eu creo que no fondo da cuestión ninguén quere entrar en pormenorizar o que é o debate en si; está ben, nós temos un criterio, o temos utilizado e o fixemos durante moito tempo pero tamén creemos que como toque de atención é suficiente a medida tomada con anterioridade e creemos que manter no tempo esta medida nos parecería inxusto porque en política non vale todo para derrocar ao rival, está ben facer unha oposición, e polo menos dende a nosa conciencia nós imos manter o que nos parece ético en política; igual que sería inxusto que o alcalde cobrara menos que algún concelleiro, tamén nos parecería inxusto sentar un precedente para o futuro, perigoso baixo o noso punto de vista e é o de intentar ir ao persoal, ir a temas persoais utilizando vinganzas, non estamos atacando a ninguén con isto, simplemente que non queremos converter en algo persoal o que debería ser algo político. Polo tanto, indistintamente a que nós teñamos diferenzas, e bastante grandes, co grupo de goberno, isto non é unha cuestión entre a oposición e o grupo de goberno; é unha cuestión entre o que lle corresponde a un alcalde e o que non lle corresponde. Entón nós, entendendo que hai moitas posicións encontradas entre o BNG e nós, non é o que vimos discutir aquí porque iso son outras cuestións; nós o que si quixéramos é acabar, para non chegar máis alá..., nós estamos abertos, igual que o BNG a que todo o mundo se dirixa a nós para negociar calquera tema, tamén se fixo así cando a medida se adoptou por parte de todos os grupos da oposición porque nós non fomos os que iniciamos, os que tivemos esa iniciativa, pero certamente a apoiamos. Certamente dende aquel entón outra parte da oposición, outros grupos políticos entenderon que adoptar outras medidas que non foran as mesmas que as que eles adoptan é ir a favor do grupo de goberno, nós non o entendemos así, entendemos que nós temos que apoiar o que en consideración creemos que é xusto e, polo tanto, o facemos. Independentemente de que outros o fagan ou non, nós temos claro que temos un criterio propio e non nos manexamos por ninguén. En todo caso, isto non quita que nós non fagamos unha oposición como Deus manda nin que esixamos o que ao grupo de goberno lle toca facer, isto non queremos que pareza que é un parabén á xestión que está realizando, para nada, isto non ten nada que ver coa xestión do BNG, simplemente estamos adecuando que a figura do alcalde como tal debe estar remunerada salvo que haxa uns incumprimentos tácitos do que xa había, nós entendemos que houbo un cambio de actitude, un cambio que esperamos que sexa aínda máis considerable e entendemos así mesmo que nós queremos sacar adiante cousas pero abertos sempre a todos os grupos; os grupos tampouco se dirixiron a nós, nós temos que adoptar medidas, tampouco o imos facer en función do que nos digan e, polo tanto, tampouco temos máis cuestións neste tema.

O que si quero dicir é que eu queredría lembrar unha frase do alcalde, recollida na acta do día 31, para que tome boa nota e reflexione sobre esta cuestión e partindo da base de que dicía o sr. Alcalde *“Que a min non me fai falla o diñeiro, porque me sobra, e porque o teño, traballei, estiven fóra e traballou a miña muller...”* etc., etc., *“pero eu penso que calquera grupo de esquerdas, e que eu me honro de pertencer a un, e como sindicalista que fun sempre defendín o dereito dos traballadores a un salario, estou aquí facendo un traballo e son un traballador ao servizo do pobo de Mugardos”*. Sr. Alcalde, espero que tome boa nota de que non sempre os grupos de esquerdas son bos para Mugardos ou son malos, vai en función, a veces, das persoas, non dos grupos políticos. Nós imos votar a favor de que vostede teña de novo un solo, non nos imos abster, imos votar a favor, porque entendemos que en política non vale todo, entendemos que hai que ser valentes en algunhas ocasións, nós apostamos pola valentía, podíamos ternos

abstido, pero entendemos que hai que dar pasos adiante; iso si, eu quero que tomen boa nota do que está sucedendo hoxe aquí, porque isto non é un favor que se lle fai a vostede, é simplemente para que vostede tome nota e que a corporación tome nota de que hai que facer as cousas como hai que facelas, e que vostede tome nota para que isto non volva suceder nunca máis e para que estean á altura da confianza que deposita o Pleno en vostedes. Eu con isto non teño máis que engadir, nós decidimos esa cuestión e esperamos que non nos arrepintamos no futuro. Non teño máis que engadir.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Ben, pois eu vou recoñecer que nos equivocamos ao asinar conxuntamente a moción, si, eu vou recoñecer que nos equivocamos ao asinar conxuntamente a moción dado que nós o dixemos no pleno, e o volvemos dicir agora, non o vinculábamos para nada, en absoluto, nin coa derrota do rival nin coa moción de censura, nin co cambio de goberno, nin coa moción de confianza, nin tan sequera co balance da xestión do BNG, o dixemos naquel momento e o volvemos reiterar agora e que, polo tanto, nós non estábamos nesa dinámica. De todas formas, como se falou de claridade, e como se falou de que non é procedente que algún concelleiro cobre máis que o alcalde, eu o que si vou dicir é que os grupos que hoxe cambian de actitude foron os máis insistentes e impuxeron o seu criterio en canto á asignación económica que o alcalde percibiría cando se lle retirara a dedicación exclusiva.

Nós, que mantemos a mesma posición que mantivemos naquel momento, o que debatíamos era o concepto de dedicación exclusiva, non a cantidade económica, entón imos deixalo claro, nós imos seguir mantendo o que mantivemos naquel momento, é máis, o dixemos fai poucos días e sae publicado fai poucos momentos, é dicir, nós estaríamos en condicións de volver a debater a dedicación exclusiva do alcalde nun marco que non foran as comidas privadas fóra deste Concello, que tamén é outro dato a ter en conta; nós o dixemos con claridade e o volvemos a reiterar, estamos en disposición de votar a dedicación exclusiva do alcalde, ou de calquera membro do grupo de goberno, a ver si queda claro, non a do alcalde, en exclusiva, senón a do alcalde e a de calquera membro do grupo de goberno, previo debate nunha comisión e que, polo tanto, nós entendíamos que o prazo non é o correcto, ninguén nolo explicou, ademais, se os cumprimentos polos que nós, que foron motivos diferentes ao resto, habíamos asinado esa moción para que se retirara a dedicación exclusiva do alcalde, podían, no seu conxunto, ter sido superados ou non, eu creo que no seu conxunto non, eu creo que no seu conxunto non, pero, en todo caso, dende un plantexamento que non fora o que se trae hoxe aquí, nós probablemente, non agora porque non creemos que o xiro fora suficiente, pero dende logo noutro marco, que podería ser perfectamente sen facer unha modificación de crédito e no debate presupostario, si iso se houbera avanzado aí, tendo en conta que non estábamos falando da gobernabilidade de Mugardos, poderíamos ter outra opción que non descartamos no debate do presuposto do ano 2009, nin para o alcalde nin para calquera membro do grupo de goberno.

En todo caso, e para acabar, Esquerda Unida non o fai por vinganza persoal nin por vinganza política nin o fixo antes nin o vai facer agora, se imos falar de apoios e do que propoñemos, Esquerda Unida vota a favor no Pleno e nas comisións cando está de acordo e cando é conforme ao seu programa municipal, cando non... intenta introducir o que para nós son melloras, outros grupos non o entenderán, así o facemos no conxunto das comisións, o fixemos hoxe pola mañá, se introduciron e temos votado a favor; é dicir, non estamos nesa dinámica do non polo non, pero dende logo nós vemos con claridade algunha pregunta que facía Fariña, e eu

creo que entramos nun novo ciclo político no Concello de Mugar dos, e, polo tanto, benvido sexa e benvida sexa a estabilidade a ese novo goberno municipal.

Sr. Fernández Ameneiro: Gustaríame que a compañeira de Esquerda Unida aclarara que cando di que os grupos, cando se falaba da asignación, que se tiña acordado unha asignación diaria para o alcalde, cando di os grupos, que aclarara ou matizara a que se refire. Moitas grazas.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu creo que polo sorriso do voceiro do BNG eu creo que foi claro e evidente e non vou entrar a nomear aquí quen foron porque non vou dar lugar a réplica pero o que si imos deixar claro é que Esquerda Unida non foi a que plantexou o tema monetario nos termos nos que veu a moción; Esquerda Unida o que plantexou foi un debate en torno ao concepto de dedicación exclusiva e a proposta orixinal de Esquerda Unida non era, nin moito menos, a que finalmente veu aquí en canto á retribución económica.

Sr. Fernández Ameneiro: Pedía unha aclaración porque cando se refire aos grupos quere dicir que son máis de un, se Esquerda Unida non foi, só quedamos tres grupos, o partido socialista tampouco.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu o único lapsus que creo que tiveches na intervención, na miña opinión, é que pluralizaches, e é singular, non é plural e, polo tanto, non son grupos, é un grupo. Segundo, a min iso non me preocupa, creo que é intranscendente, a min me preocupa a última parte do que acaba de dicir Pilar, si se abre un novo ciclo o saúdo, o aplaudo porque é bo para Mugar dos, o que todos dicimos, que é moi bonito, o que si quero saber é qué compromisos hai e iso o vou demandar constantemente porque hoxe non se me aclarou.

Sr. Alcalde: Eu, en todo caso, soamente unha matización e lle deixo pechar a rolda ao presidente da comisión; eu quero dicir que todos os grupos son conscientes da situación porque todos somos adultos aquí e, polo tanto, en base a que son conscientes entendo que cada grupo ten clara a súa postura para determinar o seu voto, polo tanto non vale dicir qué grupo fixo máis ou menos nesa cuestión, todos son conscientes de todo este proceso e, polo tanto, teñen que ter ben claro cal é a súa postura. Dito isto, déixolle a palabra ao sr. Bouza, cando queira.

Sr. Bouza Rey: É difícil alcalde, imos ver, os nosos antepasados sempre nos recordaban que non hai mal que por ben non veña, ou non hai ben que por mal non veña, porque o que está ocorrendo hoxe aquí curiosamente naquel pleno multitudinario e con todos os medios de comunicación habidos e por haber, o portavoz do BNG, o grupo do BNG, estaba facendo reflexións que curiosamente a maioría dos grupos da oposición fan hoxe aquí, claro, sindicalistas, que éramos sindicalistas, si, pero non exercemos. Unha cousa é ser sindicalista e exercer un dereito que ten todo traballador e traballadora e daquela non exercíamos. Pero claro, é máis, é máis, na moción non era unha vinganza nin persoal nin política como se chegou a dicir, se dicía pola responsable que presentaba a moción, que era Pilar Díaz, de Esquerda Unida, e claro, agora, curiosamente, despois de tres meses todo isto que estabades debatendo aquí, de que a ver quen tivo a responsabilidade..., porque se perseguía outra historia, se perseguía única e exclusivamente que o BNG non fora goberno como mandaron a maioría de mugar deses e mugar desas fai xustamente un ano; claro, ves debates de que é que si, é que eu non estaba de

acordo, é que..., con que se chegaron a pactos, é que si comidas persoais, ben..., as comidas persoais, me entenderá a Sra. Pilar que as teño con quen queiro, con quen me da a gaña, sempre e cando as pague eu ou as pague o que estea comigo sentado, posiblemente habemos de ter tempo de ter tamén comidas persoais desas ou uns pinchos. Pero claro, o debate de fondo é que cada quen..., o tempo pon a cada quen no seu sitio, naquel pleno había máis cousas que van vir a este pleno, e unha vez máis van dar a razón ao BNG como o dan con este caso, pero van vir moitas máis, e despois non vai haber nin peticións de dimisións, nin van ser responsables os que pedían as dimisións nin van ser nada deso; eu me alegro de que hoxe, entre todos os portavoces que se falou aquí, que se aclararan situacións que nós non coñecíamos, e con respecto a que benvido un pacto ou un posible pacto de gobernar o concello, eu non sei quen ten pacto, nin qué pacto é, eu o que sei é que estamos tratando de levar as cousas o máis ordenadamente posible e todo en ben para gobernar este concello para os mugardeses e mugardesas, e a partir de aí o que queira ver historias pois que as vexa, despois o tempo quitará eses fantasmas que había por aquí. Grazas.

Sr. Alcalde: Ben, se somete o punto a votación.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da comisión informativa de facenda e patrimonio, por oito votos a favor (5 BNG, 3 PP), 4 abstencións(3 PSOE, 1 IPM) e un voto en contra (1 EU-IU), ACORDA:

1º.- Aprobar o réxime de dedicación exclusiva ao cargo seguinte:

a) Dedicación exclusiva:

- ALCALDE: Retribución bruta anual de 30.000 €. pagabiros en 14 mensualidades de igual contía (2.142,86 €)
- Substitucións da Alcaldía por ausencia: 60 €/día.

2º.- O presente acordo será de aplicación a partir da aprobación polo Pleno da Corporación, e publicarase no BOP e no taboleiro de edictos do concello, en cumprimento do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

3º.- Modificación do apartado 26ª da Base de Execución do Orzamento de 2008, segundo redacción que consta no expediente.

4º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 8/2008 ao orzamento do exercicio 2008 por importe de **25.476,43 EUROS** segundo o detalle do anexo, onde se especifican as previsións de gasto e o seu financiamento.

MODALIDADE

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO

FINANCIACIÓN

TRANSFERENCIA-BAIXAS DOUTRAS PARTIDAS

ALTAS		BAIXAS	
PARTIDA	IMPORTE	PARTIDA	IMPORTE
2008.0.111.0.10001	19.285,71	2008.0.432.0.62700	25.476,43
2008.0.314.0.16000	6.190,71		
TOTAL ALTAS	25.476,42	TOTAL BAIXAS	24.476,43

5º.- Que se someta o expediente a exposición pública por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, no suposto de que durante o indicado prazo non se presenten reclamacións.

3.- ADHESIÓN AO NOVO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL ASOCIACIÓN COSTA NOROESTE-NOVO PROGRAMA LEADER.

Sr. Alcalde: Este é un tema que se tratou xa na xunta de portavoces tamén e é tomar o acordo plenario de acollernos a este novo grupo que se crea, e tamén aprobación dos estatutos do mesmo, non? Ben, é aprobar os estatutos e designar á persoa que vai representar ao Concello neste novo grupo, que pode ser o alcalde ou o concelleiro, non seu caso. Se algún grupo quere intervir...

Sr. Fernández Ameneiro: Só quería facer unha pregunta. Si se aproban hoxe os estatutos, quero dicir, si son vinculantes, xa non hai unha marcha atrás? Eu me refiro..., porque aquí pon, por exemplo, “Obrigas dos asociados: satisfacer o pagamento de cotas no caso de que se establezan”, que non sabemos qué tipo de cotas se van pagar nin cal é a contía.

Sr. Alcalde: Iso sería no proxecto, pero eu xa avancei na xunta de portavoces que con este novo programa si os concellos tiñan que aportar..., digamos, a calquera obra, o 40, o 50, neste caso concreto os concellos non van aportar nada, vai ser enteiramente financiado por este novo grupo Costa Noroeste, e o único que hai é que se refunde o que era antes a comarca de Ferrolterra cos concellos que son agora do Ortegal, Cariño, Cedeira, Ortigueira, Mañón e Cerdido, entón non hai nada que aportar, xa digo, para os proxectos, o que si é que isto ten que ser antes do primeiro de xuño, creo que hai que tomar este acordo e tamén teño que dicir que, efectivamente, temos tres meses de prazo para presentar o proxecto que queiramos presentar neste novo programa LEADER. Entón é un tema que haberá que..., dende o equipo de goberno se fará algunha proposta pero tamén dende os grupos da oposición poden ter aportación a este tipo de proxectos que se presentan, xa digo, non van ser superiores a 100.000 euros, creo, que é o que lle correspondería a Mugar dos pero si hai algún proxecto interesante que poida vir dende a oposición, nós estamos, como dixen antes, abertos a todo o que sexa bo para Mugar dos. É continuar no mesmo que estábamos antes excepto que, xa digo, desta volta os Concellos nos proxectos non van aportar nada.

Entón, se non hai palabras o sometemos a votación.

Deseguido sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por doce votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 3 PP, 1 EU-IU) e unha abstención (1 IPM) acorda:

- Que o Concello de Mugar dos, con C.I.F. P1505200D, constitúa e forme parte dunha asociación en trámites de constitución dirixida a promover o desenvolvemento do territorio integrado polos

Concellos de Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira e Valdoviño.

- Outorgar a conformidade ao proxecto de estatutos da futura asociación, que forman parte deste acordo como anexo e que serán aprobados no acto constitutivo de dita asociación.
- Designar como representante do Concello de Mugardos, no acto constitutivo da nova asociación e como representante permanente a D. Xosé Fernández Barcia, alcalde-presidente, ou concelleiro/a en quen delegue, deste Concello.

4.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 355/2008.

O Concello Pleno dáse por informado da resolución da alcaldía núm. 355/2008, de 16.05.08, que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 355/2008.- Vistos os escritos remitidos polo Servizo Provincial de Estradas – Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, nos que se comunica as datas e horas previstas para levar a cabo, no Centro Francisco Vizoso de Franza (Mugardos) o levantamento de actas previas á ocupación (Expediente de Expropiación Forzosa Clave AC/06/211.06, obra “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NAS ESTRADAS AC-122 E AC-133”, tal e como figura deseguido:

27 de maio de 2008: de 9,30 h. a 14.00 h.

28 de maio de 2008: de 9,00 h. a 14,00 h.

29 de maio de 2008: de 9,00 h. a 14.00 h.

e non podendo estar presente nos devanditos actos nas datas e horas sinaladas, pola presente e de acordo co establecido no artigo 63 da Lei de administración local de Galicia e 47.1 e 2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais,

R E S O L V O:

Primeiro.- *Delegar as miñas funcións no concelleiro, D. XOSÉ XOÁN ROCA LORENZO, aos efectos antes sinalados.*

Segundo.- *Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, sen prexuízo da súa efectividade dende a data da presente Resolución.”*

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e vinte e sete minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE,